



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A ILUMINACIÓN DO ENLACE DE NANTES PUNTO QUILOMÉTRICO 17+200 DA ESTRADA AG-41.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

A AXI é o órgano de contratación do sector público autonómico que mais incidencia ten no sector da construción de obra civil, posto que a maior parte do seu orzamento destínase a obras de construción de infraestruturas.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

O ámbito de actuación sitúase no enlace de Nantes na autovía AG-41 do Salnés, punto de conexión co Parque empresarial de Nantes, no termo municipal de Sanxenxo.

Coas obras proxectadas iluminaríanse as dúas glorietas e o paso inferior do enlace para conseguir unha maior seguridade nun tramo no que é frecuente o tráfico pesado pola proximidade do parque empresarial.

3.- Impacto económico

O custo total da actuación estimase en **32.781,03 €** € IVE engadido.

A Axencia Galega de Infraestruturas, encargase de licitar, executar dirixir e financiar as obras obxecto deste convenio con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.600.1, código de proxecto 2018-00012, do seu orzamento para 2024.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sanxenxo e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.



5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e, supletoriamente, polos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director da Axencia Galega de Infraestruturas
Francisco Menéndez Iglesias

